



NOTA DE PRENSA

25-N. DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

PINTA A EDUCACIÓN DE LARANXA. POÑAMOS FIN A ESTA LACRA

ANPE aposta pola Educación como ferramenta fundamental para erradicar a violencia contras as mulleres

Os nosos alumnos e alumnas necesitan atopar nas aulas, desde os seus primeiros anos, patróns socioculturais non discriminatorios de normalidade e igualdade no relativo ás relacións de xénero. Por este motivo, ANPE destaca o papel que está desenvolvendo o profesorado, a través do seu traballo diario nas aulas, para sentar os cimentos de respecto necesarios nas futuras xeracións. Non obstante, somos conscientes de que o esforzo exclusivo dos profesionais da educación non é suficiente. É deber e obriga das administracións e do conxunto da sociedade xuntar esforzos nunha soa dirección e cun único fin: eliminar a violencia contra as mulleres.

Por iso, ANPE demanda un maior investimento tanto en formación específica ao profesorado como en recursos humanos, especialmente dentro do servizo de Orientación dos centros educativos. Potenciar as escolas de nais e pais, e redobrar a colaboración coas distintas institucións locais son outras das medidas necesarias para avanzar na erradicación desta “pandemia” que no século XXI segue representando a violencia contra a muller.

Nos últimos anos déronse pasos firmes, pero insuficientes, neste sentido. Por iso, é necesaria un maior investimento por parte das administracións públicas para implantar medidas eficaces que permitan concienciar e dotar ás futuras xeracións de ferramentas suficientes para distinguir, previr, evitar e denunciar calquera acto de violencia física, sexual e psicolóxica contra a muller, especialmente nun momento histórico no que internet e os dispositivos móbiles sacaron á luz novas formas de agresión.

O 25 de novembro, co gallo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, desde ANPE, sindicato do ensino público, seguiremos defendendo a necesidade de mellorar o clima de convivencia nas aulas como parte da educación integral da persoa. Unha educación baseada na igualdade de dereitos e oportunidades de todas as persoas, sen distinción de sexo nin ningún outro tipo de discriminación, que elimine calquera tipo de violencia en todas as súas formas.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2021